

Mañá, 25 de Novembro, é o “Día internacional contra a violencia de xénero” e conmemoramos a loita pola erradicación desta violencia.

Este ano debido á pandemia provocada pola Covid-19 non poderemos realizar convocatorias de carácter público de rexeitamento coma outros anos. Dende o CIM, e en colaboración cos concellos que forman parte da Mancomunidade de #Verín e os #ServizosSociais, queremos impulsar unha actuación “en liña” e informar sobre as diferentes accións de sensibilización que se están implementando na actualidade:

- 25N - Paro simbólico ás 12:00h | Evitando multitudes.

- Proxección do documental "Arraigadas á terra". Dispoñible o 25 de novembro na canle

oficial de Youtube do CIM.

- Programa “NON CAIO NAS TUAS REDES”: iniciativa de sensibilización. promovida polo CIM, sobre as ciberviolencias destinado á xuventude, na cal se elaborou unha curtametraxe con protagonistas da contorna e unha guía didáctica sobre este tipo de violencias.
- + info: instagram.com/noncaionastuasredes/

- Cursos de psicoeducación en liña sobre a violencia de xénero e como afecta ós nenos e as nenas.

- Investigación Sociocomunitaria.

ÚNETE A NÓS! DI NON AS VIOLENCIAS MACHISTAS.

+ INFO: https://www.facebook.com/mancoverincim